

MUNDO 

EN CRISE

*GUERRA XEOPOLÍTICA
E LOITAS SOCIAIS*

19, 20, 21 e 22
MARZO

DOSSIER DE PRENSA
(versión dixital)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ECOAR))).....	3
3. ÁGORA R.....	4
4. XORNADAS "MUNDO EN CRISE".....	4
5. OBXECTIVOS.....	4
6. PROGRAMA.....	5
7. RELATORXS.....	5
8. AS PALESTRAS.....	8
9. LUGAR.....	12
10. CONTACTO.....	12

XORNADAS MUNDO EN CRISE: GUERRA XEOPOLÍTICA E LOITAS SOCIAIS

1. INTRODUCCIÓN

Nun mundo marcado pola incerteza e a inestabilidade, as presións xeopolíticas medran a un ritmo alarmante. Guerras, xenocidios, colonizacións, conflitos larvados nun mundo multipolar en crecente tensión. Son exemplos visibles dun sistema fracturado, onde os intereses estratéxicos e económicos pisan, sen reparos, os dereitos das persoas e dos pobos.

As grandes potencias globais fan o seu xogo de poder, que vai alén das fronteiras polas que tanto velan, alimentando conflitos a través de alianzas militares, sancións económicas, campañas de desinformación e forzas de represión. Ao mesmo tempo, organismos internacionais, creados para manter a paz e o equilibrio, están paralizados pola presión dos mesmos actores que perpetúan a violencia. As consecuencias desta dinámica tradúcense en millóns de vidas truncadas, desprazamentos masivos e sociedades enteiras sumidas no medo e na pobreza.

Ante este panorama, cómpre preguntarse cal é o papel da cidadanía global e das organizacións internacionais á hora de mediar, denunciar ou mesmo deter esta escalada que ameaza os dereitos humanos e o medio ambiente. A resposta non é sinxela, mais pasa pola necesidade urxente de fortalecer os lazos de solidariedade internacional, tecer redes de apoio mutuo e esixir mecanismos de mediación que prioricen a vida fronte aos intereses xeoestratéxicos.

Procurando respostas a estas inquedanzas, dende **ECOAR)))** organízanse as xornadas “Mundo en crise: guerra xeopolítica e loitas sociais” (Vigo, Marzo 2025), que nacen dentro do marco do proxecto **ágora R**.

2. ECOAR)))

ECOAR))) é un espazo de natureza global conformado por persoas que se coordinan, constrúen e actúan, dende o local ao internacional, para facer fronte ás inxustizas, creando alternativas e resposta social ao sistema. ECOAR))) é unha ferramenta de carácter independente que se apoia na acción directa, a presión pública, a sensibilización e a solidariedade, para denunciar, visibilizar e concienciar sobre os problemas globais relacionados cos dereitos humanos e o medio ambiente, así como para activar á cidadanía actuando de maneira efectiva a partir da análise, a planificación e a estratexia.

ECOAR))) pretende ser unha estrutura sólida, resiliente, creativa e efectiva para os movementos sociais e a cidadanía, que actúa para construír un sistema global baseado na xustiza, a ética e a dignidade, a través dos seguintes puntos básicos: anticapitalismo, antiglobalización, consumo responsable, defensa do público, defensa de DDHH, ecoloxismo, estado social e laico, horizontalización da sociedade, interculturalismo e non violencia.

3. ÁGORA R

Historicamente, a *ágora* foi o epicentro de construción da vida da cidadanía. Especialmente dende Maio do 68, cumpren a función de espazos de resistencia e disidencia.

ágora R é un proxecto de ECOAR))) que nace coa intención de pensar a realidade a través dunha ollada crítica, horizontal e proactiva poñendo no centro da análise as relacións de poder e contrapoder. **ágora R** pretende abrir un espazo onde a cidadanía poida adquirir ferramentas e recursos que lle permitan reflexionar sobre o seu papel como axente de cambio e vertébrase a través de tres eixos centrais:

- Analizar e comprender os procesos, teorías e situacións que conforman a estrutura e funcionamento do mundo actual, así como os seus compoñentes e protagonistas.
- Indagar e coñecer as ferramentas, repertorios e estratexias, así como as formas de organización e loita, que emprega o contrapoder ao longo do planeta.
- Estudar e entender os medios, persoas e estratexias, así como as formas de funcionamento e organización, que empregan a estrutura de poder, especialmente o corporativo e o gobernamental.

4. XORNADAS “SOCIEDADE EN VENDA”

“*Mundo en crise: guerra xeopolítica e loitas sociais*”, son xornadas que discorrerán en Vigo, entre o 19 e o 22 de marzo de 2025. Achegaranse olladas diversas mediante a realización de distintas palestras para analizar as forzas de poder e contrapoder no ámbito internacional, xunto co coñecemento das resistencias locais e globais.

5. OBXECTIVOS

As **xornadas** “Mundo en crise” pretenden:

- Comprender en profundidade as dinámicas actuais de poder global, poñendo o foco nos conflitos activos e as súas raíces políticas e económicas.

- Crear un espazo de reflexión colectiva, onde a cidadanía poida recoñecer o seu papel na loita pola paz e a xustiza internacional.
- Explorar alternativas, estratexias e ferramentas para a construción de sociedades máis xustas, dende o local ao global.

6. PROGRAMA

- **Mércores 19 de marzo ás 18:30h: *Ética hacker e resistencia cidadá!!***
“Ferramentas para a loita social na era dixita”l por Alberto Quian Pampín.
- **Mércores 19 de marzo ás 20:00h: *O poder das ETN non nos calará!!***
“Decrepitude do Estado do benestar” por Xosé Manuel Beiras.
- **Xoves 20 de marzo ás 18:30h: *Do río ao mar Palestina vencerá!!*** “Resistencia e Solidariedade” por Fayez Badawi.
- **Xoves 20 de marzo ás 20:00h: *Non pasarán!!*** “Trumpismo e a deriva autoritaria global” por Miguel Urbán.
- **Venres 21 de marzo ás 18:30h: *O saqueo dos recursos non quedará impune!!***
“Xeopolítica e a nova embestida do imperialismo en Europa e América Latina” por Eduardo Giordano.
- **Venres 21 de marzo ás 20:00h: *A verdade é un dereito, non un privilexio!!***
“Poder mediático e xeopolítica” por Manu Levin
- **Sábado 22 de marzo ás 18:30h: *O consumo global non pode custar vidas!!***
“Emerxencia climática e dereitos humanos: O impacto do consumo global” por Aurora Moreno Alcojor.
- **Sábado 22 de marzo ás 20:00h: *Ningún ser humano é ilegal!!*** “Refuxiadxs climáticxs e a crise invisible na xeopolítica global” por Queralt Castillo Cerezuela.

7. RELATORXS

Alberto Quian Pampín

Alberto Quian é doutor en Investigación en Medios de Comunicación pola Universidade Carlos III de Madrid e profesor de Xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en cultura e ética hacker, as súas investigacións céntranse no impacto mediático do activismo dixital e nas redes sociais alternativas. É autor de obras como El impacto mediático y político de WikiLeaks (2013) e Civilización Hacker (2022).



Xosé Manuel Beiras



Xosé Manuel Beiras é un político, economista e escritor galego. Foi catedrático de Estrutura Económica na Universidade de Santiago de Compostela e deputado no Parlamento de Galicia durante varias lexislaturas. Fundador e voceiro nacional do Bloque Nacionalista Galego (BNG), máis tarde impulsou Anova-Irmandade Nacionalista, defendendo o soberanismo e a xustiza social. Autor de obras como O atraso económico de Galicia (1972) e Prosas de combate (2012), continúa sendo unha figura de referencia no pensamento político galego.

Fayez Badawi

Fayez Badawi é activista palestino nado nun campo de refuxiados no Líbano, tras a expulsión da súa familia de Palestina durante a Nakba de 1948. Desde os doce anos, dedicouse á militancia dentro da esquerda revolucionaria palestina. Foi portavoz en Europa do Frente Popular para a Liberación de Palestina (FPLP), unha organización marxista-leninista e laica que forma parte da Organización para a Liberación de Palestina (OLP). Actualmente, continúa denunciando a ocupación israelí e defendendo o dereito do pobo palestino á resistencia.



Miguel Urbán Crespo



Miguel Urbán Crespo é un activista e político español comprometido coa xustiza social e os dereitos humanos. Co-fundador de Podemos, foi deputado no Parlamento Europeo entre 2015 e 2024, representando a Izquierda Anticapitalista, organización da que é parte. Ao longo da súa traxectoria, destacou pola súa participación en movementos sociais como o 15-M e as protestas contra a guerra de Iraq. No ámbito institucional, centrouse en temas relacionados co desenvolvemento, os dereitos humanos e a loita contra a extrema dereita. É autor de varias obras, entre as que destacan "El viejo fascismo y

la nueva derecha radical" e "La emergencia de Vox. Apuntes para combatir a la extrema derecha española".

Eduardo Giordano

Eduardo Giordano é xornalista arxentino, con ampla experiencia en comunicación e análise política internacional. Foi director da revista "Voces y Culturas" entre 1990 e 2003, e é coautor de diversas obras de investigación, como "Europa en el juego de la comunicación global" (1982) e "Políticas de televisión" (1999). O seu último libro, "Violencia política en Colombia tras el acuerdo de paz" (2022), analiza as dificultades na implementación do acordo de paz en Colombia e as súas consecuencias para a sociedade civil. Giordano tamén colabora en publicacións como "Jacobin Revista", onde escribe sobre política internacional, xeopolítica e medios de comunicación.



Manu Levin



Manu Levin é filólogo e analista de medios. Foi secretario de Discurso e Análise Política de Podemos, encargándose dos discursos e campañas electorais de Pablo Iglesias entre 2017 e 2021. Antes, traballou como guionista no programa de humor político "El Intermedio". Actualmente, é colaborador habitual no programa "La Base" de Canal Red, onde realiza análises críticas sobre o tratamento mediático da actualidade política. Procedente dunha familia arxentina exiliada por motivos políticos, Levin iniciou o seu activismo no

movemento contra o Plan Boloña en 2007-2008 e participou activamente no 15-M. A súa traxectoria destaca polo seu compromiso coa comunicación política e a análise crítica dos medios de comunicación.

Aurora Moreno Alcojor

Aurora Moreno Alcojor é licenciada en xornalismo, especializada en relacións internacionais e temas africanos. Colaborou con diversos medios de comunicación e, desde hai máis de dez anos, edita o blog "Por fin en África", onde comparte noticias e reflexións sobre o continente africano.

Desde 2014 forma parte do colectivo "Carro de Combate", que investiga a orixe dos produtos que consumimos e os seus impactos socioambientais. É coautora do libro "Los monocultivos que conquistaron el mundo: Impactos socioambientales de la caña de azúcar, la soja y la palma aceitera", para o cal realizou traballo de campo en Camerún.

En 2020, foi galardoada co Premio de Ensaio de Casa África polo seu traballo "¿Lloverá hoy? Efectos del cambio climático en África, estrategias de adaptación y soluciones africanas".



Queralt Castillo Cerezuela



Queralt Castillo Cerezuela é xornalista doutoranda en Relacións Internacionais, especializada en reconciliación étnica en Birmania. Residiu ata o de agora en Atenas, desde onde cobre información sobre Grecia e a rexión dos Balcáns para medios como Diario Ara, eldiario.es, Público, El Salto, La Marea, Sentit Crític, Nationalia, Gara e Conde Nast Traveler. Os seus temas de interese inclúen política internacional, conflitos étnicos, reconciliación, movementos sociais, literatura e viaxes. Ademais, é co-presentadora do podcast

"7.000 caracteres" xunto con Hiba Arbide.

8. AS PALESTRAS

Ética hacker e resistencia cidadá!! "Ferramentas para a loita social na era dixital" por Alberto Quián Pampín

Nesta palestra, Alberto Quián explorará como a ética e a cultura hacker poden servir como alicerces para a resistencia cidadá fronte ás inxustizas sociais e políticas nun mundo

globalizado e dixitalizado. Analizarase o papel dos hackers na promoción da liberdade de información, a transparencia e a defensa dos dereitos humanos, destacando casos emblemáticos como WikiLeaks e figuras como Edward Snowden.

Quian afondará en como a ética hacker, baseada na curiosidade, a creatividade e a colaboración, pode empoderar á cidadanía para cuestionar e transformar as estruturas de poder establecidas.

A palestra ofrecerá un espazo de reflexión sobre as oportunidades para articular alternativas contra as empresas transnacionais e a globalización neoliberal.

O poder das ETN non nos calará!! "Decrepitude do Estado do benestar" por Xosé Manuel Beiras

A hexemonía política e económica de Occidente experimentou unha involución desde os anos 70 ata a actualidade, marcada pola decrepitude do Estado do benestar e a perda de autonomía política en Europa, que deixou de ter capacidade de decisión propia e de existir politicamente. Analizarase como a emerxencia das Empresas Transnacionais (ETN), que operan máis alá das fronteiras estatais, substituíu o papel do Estado e do gran capital como principais actores, complicando a dinámica de poder e control.

Explorárase tamén o contexto global actual, destacando o papel da guerra de Ucraína e a súa relación cos compromisos históricos adquiridos por Gorbachov, así como o acordo entre Trump e Putin para a súa resolución. Todo isto nun escenario marcado pola emerxencia de China como potencia mundial e a consolidación dun sistema transnacionalizado, no que as decisións políticas e económicas dependen cada vez máis de actores non estatais.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os desafíos e as oportunidades que expón a perda de soberanía dos Estados fronte ao poder das ETN e o novo contexto xeopolítico global.

Do río ao mar Palestina vencerá!! "Resistencia e Solidariedade" por Fayez Badawi

Nesta palestra, Fayez Badawi analizará a situación actual de Palestina no contexto das crises xeopolíticas e sociais globais. Explorará o utilitarismo e función das guerras e os xenocidios no marco actual, considerando o papel dos EUA, o sionismo, a comunidade europea e os Estados árabes veciños a Palestina, todo elo dende unha perspectiva histórica. Destacará a importancia da resistencia anticolonial, así como das loitas de liberación e de solidariedade de clase e internacionalista.

A palestra ofrecerá un espazo de reflexión sobre as conexións entre a loita palestina e outros movementos sociais globais, subliñando a necesidade de accións colectivas fronte ás estruturas de opresión e dominación.

Non pasarán!! "Trumpismo e a deriva autoritaria global" por Miguel Urbán

Nesta palestra, Miguel Urbán analizará o avance do trumpismo e das novas dereitas

autoritarias a nivel global, abordando como estas forzas están a redefinir o equilibrio xeopolítico e a gobernanza internacional.

Explorarase o impacto do "América First", a súa impugnación das institucións multilaterais e a súa aposta polo illamento estratéxico, reflectido en decisións como a saída da OMS, a ruptura co Protocolo de Kioto ou o movemento para abandonar a OTAN e a ONU. Examinarase como este proceso non só provoca un colapso do sistema de gobernanza internacional, senón que tamén desestabiliza os dereitos humanos, os tratados ambientais e a cooperación global.

Tamén se abordará o ascenso de movementos ultraconservadores, negacionistas e soberanistas que teñen en Trump a súa principal referencia, así como as consecuencias destas políticas na xestión das crises humanitarias, climáticas e económicas.

A palestra será un espazo para reflexionar sobre se estamos ante un cambio de paradigma na orde mundial e sobre as estratexias necesarias para facer fronte ao avance reaccionario e á erosión dos dereitos fundamentais.

O saqueo dos recursos non quedará impune!! “Xeopolítica e a nova embestida do imperialismo en Europa e América Latina” por Eduardo Giordano

Nesta palestra, Eduardo Giordano analizará como os conflitos internacionais recentes están a redefinir o equilibrio de poder global, coa emerxencia de novas potencias como China, Rusia e India, que desafían a hexemonía occidental. Abordarase o impacto da guerra de Ucraína, as tensións no Pacífico Asiático e os conflitos en Oriente Medio, destacando o papel das alianzas estratéxicas e dos bloques rexionais na configuración da nova orde xeopolítica.

Explorarase tamén como os intereses económicos das empresas transnacionais e a loita polo control dos recursos naturais inflúen nestes conflitos, complicando a busca de solucións diplomáticas. Giordano afondará nas consecuencias desta reconfiguración para Europa e América Latina, analizando os retos e as oportunidades que ofrece este novo escenario para os movementos sociais e os proxectos políticos alternativos.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os desafíos que supón a transición cara a un mundo multipolar e as estratexias necesarias para construír unha orde internacional máis xusta e sostible.

A verdade é un dereito, non un privilexio!! “Poder mediático e xeopolítica” por Manu Levin

Nesta palestra, Manu Levin analizará como os medios de comunicación son actores clave nas dinámicas de poder global, influíndo na percepción pública dos conflitos internacionais e na lexitimación das decisións políticas. Abordarase como a cobertura mediática das guerras, as crises humanitarias e os conflitos xeopolíticos está condicionada polos intereses das potencias occidentais e das empresas transnacionais da comunicación.

Explorarase o papel dos conglomerados mediáticos na construción do discurso dominante, así como as estratexias de desinformación e propaganda utilizadas para xustificar intervencións militares e sancións económicas. Tamén se analizará a influencia de plataformas dixitais e redes sociais na difusión de narrativas xeopolíticas, sinalando os riscos da censura, a manipulación da información e a polarización da opinión pública.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os desafíos que supón o control mediático na era da globalización e as oportunidades que ofrecen os medios alternativos para romper co relato hexemónico e fortalecer as loitas sociais a nivel global.

O consumo global non pode custar vidas!! “Emerxencia climática e dereitos humanos: O impacto do consumo global” por Aurora Moreno Alcojor

A relación entre a emerxencia climática, as cadeas de produción globais e o impacto nos dereitos humanos será o tema central da palestra. Analizarase como o modelo de produción e consumo actual contribúe ao deterioro medioambiental e perpetúa situacións de explotación laboral e vulneración de dereitos especialmente no sur global e os países empobrecidos. Afondarase no papel das empresas transnacionais na explotación dos recursos naturais e na contaminación, así como na súa influencia sobre os gobernos e as comunidades locais. Tamén se abordará a responsabilidade da cidadanía como consumidora, reflexionando sobre a necesidade de transformar os hábitos de consumo para avanzar cara a un modelo máis xusto e sostible.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os desafíos e as oportunidades que expón a emerxencia climática para a defensa dos dereitos humanos e a construción dun sistema económico máis ético e respectuoso co planeta.

Ningún ser humano é ilegal!! “Refuxiadxs climáticxs e a crise invisible na xeopolítica global” por Queralt Castillo Cerezuela

A migración forzosa por motivos climáticos e o impacto das políticas globais ante elo será o tema central da palestra. Analizarase como a non adopción desta categoría legal ten como consecuencia a limitación dos movementos das persoas, así como eximir aos Estados da responsabilidade de ofrecerlles asilo e refuxio. Abordarase a relación entre o cambio climático, os conflitos polo control de recursos básicos e estratéxicos como a auga, e o desprazamento masivo de poboacións.

Explorarase o escenario previsto para 2060, cando entre 175 e 300 millóns de persoas, maioritariamente procedentes de países empobrecidos, poderían verse obrigadas a abandonar os seus fogares debido á subida das temperaturas e a inacción política dos gobernos. Reflexionarase arredor da pertinencia de adaptar os marcos legais internacionais.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre o reto que supón o desprazamento forzado por razóns climáticas, así como as súas implicacións para os dereitos humanos e a xustiza global.

9. LUGAR

As xornadas desenvolveranse no *Café de Catro a Catro*, localizado na Rúa Girona 16, Vigo. Tamén se emitirán en directo en streaming nas RRSS de @ecoarglobal

10. CONTACTO

Correo: comunicación@ecoarglobal.org

Teléfono: +34 693 35 22 04

Web: agora-r.ecoarglobal.org e ecoarglobal.org

RRSS: @ecoarglobal e <https://ecoarglobal.org/gl/ligazons>